

TRADICIÓN E CALIDADE AO SEU ALCANCE



Raza autóctona galega na que se representan os mellores valores da nosa terra, como a orixe, a tradición, a fortaleza, a beleza e a calidade.

Moi valorada pola súa dureza, capacidade de adaptación a condicións extremas, ovos de gran calidade e carnes de exquisito sabor e baixas en graxa.



PAZO DE FONTEFIZ
Ucelle-Coles
32152 Ourense
Tel. 988.20.54.87
Fax 988.20.54.89
asociacion@avimos.org
www.avimos.org



A NOSA RAZA GALIÑA DE MOS





Ano 1939

Desde tempos remotos, a Galiña de Mos encheu o agro galego criándose en liberdade. Os seus produtos eran exportados a moitos dos mercados da Península, principalmente a Madrid e Barcelona.

No ano 1936 comezouse un programa de selección da raza e déuselle anecdoticamente o nome de Mos, xa que foi na parroquia de San Xiao de Mos, no concello de Castro de Rei, provincia de Lugo, onde se compraron os primeiros ovos para incubar para facer o proceso de uniformidade.

Nas primeiras décadas do século XX, a raza continuou tendo a importancia que tivera anos atrás. A partir dos anos 60, a entrada de cruces de razas de galiñas moi seleccionadas xeneticamente provocou o progresivo abandono da súa crianza, situándoa á beira da extinción.

Na última década, os esforzos da Administración galega e da Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos-AVIMÓS están a permitir o seu regreso con forza.

Ten unha característica distintiva, que é a súa peculiar crista, pequena e con tres filas de papilas ou puntos, sendo a única raza autóctona de galiñas de toda a Península Ibérica que ten este tipo de crista. Posúe unha cor parecida á doutros tipos de galiñas que viñeron a Galicia de países remotos cando xa estaba a Galiña de Mos na nosa terra. Conserva outras características que a fan única.

De destacable produción ovejuna e de bo tamaño e peso, é ideal para todos os que queren gozar duns produtos de alta calidade e da beleza natural dunha das razas de galiñas de máis prestixio.

DE ANTES DE HOXE
DE SEMPRE